

## OBXECTIVO:

Proporcionar ferramentas comunicativas de carácter empático dirixidas á mellora da relación de traballo dos/as profesionais da psicoloxía nos seus diferentes ámbitos de actuación.

## METODOLOXÍA:

Consiste nun curso exclusivamente deseñado en soporte audiovisual. Está composto por diferentes unidades temáticas de dificultade progresiva con leccións en vídeo, escenas con exemplos e realización de exercicios, así como test de comprobación en cada un dos módulos. O curso dispón da posibilidade de acceso aos docentes en caso de dúbidas ou dificultades técnicas.

Vídeo informativo:[www.psykoteka.com/cop](http://www.psykoteka.com/cop)

## DOCENTES:

### Jorge García Fernández

Psicólogo clínico no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). Doutor pola Universidade da Coruña (UDC) e profesor asociado do Departamento de Psicoloxía da UDC. Colaborador en diferentes proxectos audiovisuais no eido da psicoloxía e a saúde.

### Sabela Bermúdez Míguez

Psicóloga clínica no Hospital La Magdalena de Castellón. Actividade investigadora no eido das habilidades de comunicación e alianza terapéutica.



# CURSO ONLINE: HABILIDADES DE COMUNICACIÓN EN PSICOLOXÍA

### Docentes:

Jorge García Fernández  
Sabela Bermúdez Míguez

### Organiza:

Vogalía de Formación do  
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia  
Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)  
[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

## DURACIÓN:

8 horas.

## INSCRICIÓN E PERÍODOS DE CELEBRACIÓN:

Edicións	Datas de inscrición	Períodos de celebración
1	Ata o 12 de maio	Do 22 de maio ao 5 de xuño
2	Ata o 28 de maio	Do 6 de xuño ao 20 de xuño
3	Ata o 11 de xuño	Do 21 de xuño ao 5 de xullo
4	Ata o 27 de xuño	Do 6 de xullo ao 21 de xullo
5	Ata o 13 de xullo	Do 22 de xullo ao 6 de agosto

## Nº DE PRAZAS:

40 por edición.

## PREZOS:

Psicólogos/as colexiados/as: 40,00€

Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego\* e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía 20,00€

Psicólogos/as non colexiados/as: 80,00€

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiados/as desempregados/as.

Bases no seguinte enlace:

[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formation\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)

## INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunícarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar a actividade xerárase un informe de resultados que posibilitará a expedición do correspondente certificado de realización do curso.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

O presente programa formativo foi deseñado co fin de achegar aos/ás profesionais as ferramentas comunicativas necesarias para o desempeño do seu traballo nos diferentes ámbitos da psicoloxía.

As estratexias de escoita activa e recursos facilitadores da empatía de distinta complexidade, compoñen os módulos do programa, así como numerosos exemplos sobre a súa aplicación en múltiples contextos de traballo: clínico, educativo, social...

Tanto os contidos como o seu xeito de presentalos baséanse en propostas teóricas sólidas derivadas da investigación sobre o xeito de acadar ou potenciar unha axeitada relación ou alianza de traballo.

## PROGRAMA:

### Módulo 1

As habilidades de comunicación como ferramenta profesional.

### Módulo 2

As habilidades de comunicación efectivas e inefectivas.

### Módulo 3

Comunicación non verbal, alentadores e repetición.

### Módulo 4

A paráfrase: Definición, tipos e usos.

### Módulo 5

Os reflexos emocionais: Definición, tipos e usos.

### Módulo 6

Integración das habilidades de comunicación.

### Módulo 7

Aplicacións das habilidades de comunicación na psicoloxía.

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO ONLINE: HABILIDADES DE COMUNICACIÓN EN PSICOLOXÍA

NOME E APELLIDOS .....

TFNO. .... E-MAIL .....

Nº DE COLEXIADO/A .....

ENDEREZO .....

CIDADE E C.P. ....

PROFESIÓN .....

CENTRO DE TRABAJO .....

DATA .....

Nº da Edición na que realizar a actividade

Solicito factura (achegar datos fiscais)

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se inclúiran os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos aínsa a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.

No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadró.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a [copgalicia@cop.gal](mailto:copgalicia@cop.gal).